



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 28 DE XANEIRO DO 2010	
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA	
TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

GRUPO P.P.

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE
Primeira Tenente de Alcalde
DNA. ISABEL RUIZ FERRO
Concelleiro
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro

FALTAN

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO
Concelleiro do PP
D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR
Concelleiro do PP

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, RELATIVO A SOLICITUDE DAS INVERSIÓNS E ACTUACIÓNS A FINANCIAR CON CARGO Ó FONDO ESTATAL DE EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN. Sometida a votación do Pleno o carácter de urxencia da sesión, é ratificada por unanimidade de todos os membros da Corporación.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, RELATIVO A SOLICITUDE DAS INVERSIÓNS E

ACTUACIÓNS A FINANCIAR CON CARGO Ó FONDO ESTATAL DE EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL.

Sr. Alcalde: Antes de entrar no ditame da comisión, quero presentar unha emenda. Como se sabe o gasto social que se solicita neste proxecto son 474.156 euros, sen embargo xustifícase por valor de 485.005,05 euros. Ante a posibilidade de que isto puidese supoñer algún tipo de dúbida, o que se fai é axustar exactamente a cantidade que se xustifica, á cantidade que se solicita, para evitar ningún tipo de problema. A emenda que se presenta non é nin máis nin menos que reducir a suma total das actuacións de interese social á xustificación que se presenta a 474.155,05 euros (o límite máximo a financiar son 474.156 euros). O que se fai é reducir un dos programas que se propoñen en nove ou dez mil euros máis ou menos, para que esa cantidade de catro oitenta e cinco chegase a catro setenta e catro. Entón, a xustificación quedaría: actuación de interese social na dotación de conserxerías de educación básica, 173.984,20 euros; actuación de interese social educación, 191.790 euros; e actuación de interese social, programa de actuación derivado das prestacións de servizos sociais, 108.380,85 euros. Polo tanto pediría que se incluíse esta emenda previamente a entrar no ditame da Comisión.

A Corporación aproba por unanimidade a introdución da emenda. De resultas da mesma, o contido do Acordo será idéntico ó do Ditame, salvo na parte final do mesmo, dedicada ás actuacións de interese social (en sentido amplo), que pasará a se-lo seguinte:

ACTUACIÓNS DE INTERESE SOCIAL (EN SENTIDO AMPLO):

Suma total das actuacións de interese social (en sentido amplo):

474.155,05 euros

Límite máximo a financiar polo FEESL, segundo o artigo 19 do RD-Lei 13/2009: 474.156 euros

---Actuación de interese social (en sentido amplo); programa de actuación relativo a educación: Dotación de conserxerías de Educación Básica.

---Gastos previstos financiados con recursos propios municipais: 173.984,20 euros

---Actuación de interese social (en sentido amplo); programa de actuación relativo a educación: Mantemento e subministros básicos das instalacións de Educación Básica.

---Gastos previstos financiados con recursos propios municipais: 191.790 euros

---Actuación de interese social (en sentido amplo); programa de actuación derivado das prestacións de servizos sociais e de promoción e reinserción social: programa de traballo social de zona.

---Gastos previstos financiados con recursos propios municipais: 108.380,85 euros

Pásase a continuación a debater sobre o Acordo, xa coa emenda introducida.

Sr. López Campos: Boa noite. Como xa anticipamos na Comisión Informativa de Urbanismo, dende o Grupo Municipal do PP, entendemos dende logo, que hai que dar cumprido trámite aos expedientes a levar a cabo dentro deste novo Plan FEIL. O que está claro é que, como non pode ser doutra forma, imos manter o voto favorable, igual que fixemos xa o ano pasado por estas datas, pero si con certos matices que nos gustaría deixar

claros, sobre todo porque sabemos da necesidade de facer os investimentos, de priorizar estes proxectos de cara a acometer as obras que van dentro do Plan FEIL. Pero seguimos denunciando e seguimos observando as mesmas carencias que estamos observando durante toda esta lexislatura; vemos que hai certa incapacidade por parte deste Goberno para establecer uns mecanismos de diálogo e coordinación coa oposición para tratar. Eu creo que se segue actuando dunha forma pouco transparente, e dende logo, o que dicía algún membro do Goberno nos medios de comunicación que o consenso acadado na Comisión fora en parte polo ben que se fixo por parte do Goberno...; eu creo que todo contrario, é por responsabilidade da oposición, non por mérito do Goberno; creo que aínda tendo en conta todo o demérito do Goberno, creo que temos que estar á altura e arrimar o ombro e hai que estar aí e nós somos conscientes diso. O que está claro é que mérito do Goberno de alcanzar este consenso, cero; eu quero recordar, e supoño que non fará falta porque xa o recordarán, que na gran maioría dos concellos que nos conste, se fixeron reunións de voceiros un mes antes de empezar a traballar nos proxectos, sabíase deste segundo Plan FEIL dende hai moito tempo, e polo tanto houbo tempo suficiente para poder facelo, intentar buscar ese consenso. A oposición, incluso así e malia iso, lle dá ese apoio ao Goberno Municipal, pero vontade, cero, interese de buscar consenso, cero, actitude do Goberno, cero tamén. Creo que se puideron facer as cousas doutra forma; sabemos que hai fórmulas varias para poder chegar a ese tipo de acordos, para poder darlles participación a todos os representantes da Corporación Municipal e despois do debido debate e da achega de ideas, está claro que o último responsable é o Goberno de tomar a decisión; se nós aceptamos ese xogo político así, e o que non vale é colgarse medallas que non se corresponden, e eu creo que neste caso é unha mostra máis, xa non da incapacidade deste Goberno, senón da falta de interese por este Goberno de ter en conta calquera outro tipo de achega. Polo tanto, seguen vostedes nesa política de aplicar o rodillo sen ter en conta o que din os demais, sen ter en conta que todos temos moito que achegar e todos temos moito que dicir, e á parte, todos representamos unha parte maior ou menor da poboación estradense, e entón non está de máis (aínda que sexa só de cara á galería), non está de máis de vez en cando algún xesto de aproximación. Está claro que xa non o foi dende o primeiro momento da lexislatura, nin o vai ser nin agardamos que o sexa; pedimos que neste ano e pico que queda de lexislatura o Goberno rectifique neste erróneo camiño que escolleu no ano 2007 e que neste ano que nos queda intentemos buscar posturas comúns porque creo que nos beneficiarán a todos, porque hai temas de suficiente calado no panorama ou no futuro político da Estrada ou no futuro das grandes infraestruturas, para que o Goberno busque cambiar esa errática postura que está tomando. E me parece que a ninguén se lle escapa cales son os temas que están enriba da mesa, e o que non se pode é pedir aos demais que fagan o que un mesmo non fai e me parece que iso é importante deixalo claro. E independentemente diso, manter o noso voto favorable.

Dende logo outro tema que nos preocupa e do que non se nos deu cumprida resposta é ese proxecto tan vendido mediaticamente polo Goberno do Plan de Saneamento Integral no Rural, do cal nós non temos coñecemento del, e solicitamos que se nos dese unha copia sen ter noticias del, e que nos gustaría que neste tipo de infraestruturas, sobre todo cando neste novo Plan FEIL se vai destinar unha cantidade importante ás obras de saneamento e abastecemento de auga no rural, pois era conveniente que o Goberno seguise tanto o plano de acción que marcará ese plano integral, como as prioridades que o propio plan conleve. Non o sabemos, descoñecemos se o Goberno tivo en conta ese plan de saneamento integral e as súas prioridades. O que sabemos é que se nos expoñen aí unha serie de saneamentos e abastecementos de auga, algúns deles certamente discutibles ou discutidos pola implicación que poidan ter na residencia que poida ter algún membro da Corporación Municipal, que non xustifica dende logo o investimento pola cantidade de habitantes que poidan ter algún dos lugares obxecto dese plan de saneamento, ao mellor si por algunha das persoas que reside nese lugar, o que non deixa de ser certamente sospeitoso; e eu creo que se queremos atender determinadas necesidades, me parece que hai grupos poboacionais cunha gran necesidade e cunha gran demanda, e sería conveniente que se hai ese plan de saneamento, o primeiro que se debería ter feito e non se fixo (como é norma habitual outra vez), presentalo ao resto dos grupos que forman parte da Corporación Municipal (porque tamén hai outros grupos); e unha vez que teñamos coñecemento diso, eu creo que estamos en condicións de traballar nunha liña conxunta. Non é así, non hai ningún tipo de vontade política, pero o PP vai manter a súa vontade de voto favorable e vai apostar porque se sigan

facendo investimentos no rural deste calado. Tamén, e por último xa, dicir que aínda estando a favor do Plan FEIL, do proxecto de investimentos, non podemos estar a favor da orixe deste plan de investimentos que nos vai traer serios problemas no futuro; isto é un caramelo envelenado, xa o denunciámos o ano pasado, seguímolo denunciando durante todo este ano, e ímolo denunciar agora, e é conveniente saber que este é un caramelo envelenado do Goberno, que nos está obrigando a ir a marchas forzadas a presentar proxectos que non estean previstos nos Orzamentos Municipais, é dicir, que non eran prioritarios para o Goberno, pero por outro lado estamos recortando 850.000 € de recursos de participación de tributos do Estado este ano. Agardaremos e estaremos atentos a ver cal é a liquidación de exercicios anteriores por eses ingresos que como todos sabemos son ingresos a conta, efectuados en función da previsión de ingresos que ten o Estado, e que chegado o momento se fará a regularización e verase, no ano 2008, no ano 2009 cal é a liquidación definitiva, se é positiva ou é negativa. O que está claro é que neste ano 2010, 850.000 € menos de ingresos que ían directamente á vena dos recursos do Concello e que polo tanto o Concello tiña un ano enteiro para poder administralos con eficacia e eficiencia. Dubidamos, e así mo teñen que permitir que o diga, da eficacia e eficiencia da xestión tanto dos recursos como deste tipo de plan, tanto Deste plan como do plan anterior; a forma de contratación que tivo o Goberno, as fórmulas que se elixiron, e dende logo os problemas que parece ser, e tamén estaremos atentos, dos problemas que están causando no Concello determinadas xustificacións do anterior Plan FEIL. Estaremos atentos, estaremos vixilantes, pois entendemos que este é un mal arranxo, porque entendemos que isto é pan para hoxe e moita fame, pero non só para mañá senón para os próximos anos, pero como xa dixen, manteremos o noso voto favorable.

Sr. Alcalde: *Ben, se non hai máis intervencións, agradecemos inmensamente, a pesar de todo, o apoio, e polo tanto imos a someter o ditame da Comisión coa emenda que aprobamos anteriormente, a votación.*

Sen máis intervencións, adóptase por unanimidade da Corporación o seguinte Acordo:

-Visto o Real Decreto-Lei 13/2009 de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local (FEESL).

-Vista a Resolución de 2 de novembro de 2009, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes e as condicións para a tramitación dos recursos librados con cargo ó Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local.

-Vista a consulta ao Ministerio formulada telematicamente polo Concello con data de 24 de novembro de 2009 e contestada do mesmo xeito o 18 de xaneiro de 2010 (número de incidencia 2309), no relativo ó financiamento de actuacións de interese social. E tendo en conta, así mesmo, os contactos mantidos por esta Alcaldía coa Subdelegación do Goberno sobre o particular.

-Visto o art. 3 do RD-Lei 12/2009, que establece os criterios de reparto do FEESL para toda España. E visto que, en función dos mesmos, as cantidades que lle corresponden ó Concello da Estrada (segundo táboa feita pública polo Ministerio de Política Territorial a través da páxina web www.mpt.es), son:

---importe máximo: 2.366.038 euros

---inversión mínima: 1.891.822 euros

---límite de gasto social: 474.156 euros

-Visto que, de xeito similar ó que supuxo o ano pasado o FEIL (Fondo Estatal de Inversión Local), o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local supón unha extraordinaria oportunidade para o Concello da Estrada: Vai posibilitar acometer de modo inmediato inversións que, doutro xeito, haberían de ir realizándose nun horizonte temporal moito máis modesto (tendo en conta os limitados recursos económicos deste Concello) e,

asemade, vai permitir tamén financiar gastos correntes de actuacións de interese social (en sentido amplo).

-Visto o evidente interese municipal de todas e cada unha das investimentos e actuacións que a continuación se dirán.

ACORDAMOS:

-Aprobar a realización dos seguintes investimentos e actuacións (con arranxo ás súas correspondentes Memorias incorporadas ao expediente), e a súa solicitude de financiamento con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local. Asemade, declárase a dispoñibilidade de todos os terreos precisos para a acometida das correspondentes obras.

O montante máximo de financiamento que lle corresponde ao Concello é de 2.366.038 euros dos que, como máximo 474.156 euros financiarán gasto social (en sentido amplo). O Concello solicita expresamente que sexa financiada a máxima cantidade permitida polo RD-Lei 13/2009 para actuacións de interese social.

Os investimentos e actuacións que se solicitan son:

INVESTIMENTOS:

Suma total de investimento proxectado: 1.891.881,99 euros

Importe da investimento a financiar polo FEESL: 1.891.881,99 euros

--- Investimento na obra de Mellora do Estadio Municipal da Baiuca. Instalación de alumeado

---Orzamento con IVE (16 %): 91.106,40 euros

---Investimento na obra de Conservación de fontes e lavadoiros do Concello da Estrada, Patrimonio histórico-paisaxístico

---Orzamento con IVE (16 %): 180.175,52 euros

--- Investimento na obra de Mellora do Museo do Pobo Estradense e adecuación de local cultural en Ouzande

---Orzamento con IVE (16 %): 62.325,06 euros

--- Investimento na obra de rehabilitación e mellora de casas escola do Concello da Estrada

---Orzamento con IVE (16 %): 225.612 euros

--- Investimento na obra de construción de saneamento en O Bede (Rubín)

---Orzamento con IVE (16 %): 227.337,52 euros

--- Investimento na obra de construción de rede de saneamento en Os Balseiros (Rubín)

---Orzamento con IVE (16 %): 199.733,65 euros

--- Investimento na obra de construción de saneamento de Maíndo e Sequeiro (Couso)

---Orzamento con IVE (16 %): 134.750,97 euros

--- Inversión na obra de construción de rede de saneamento e abastecemento en Figueroa de Arriba (A Estrada) e Valiña e Outeiro (San Xurxo de Veá)

---Orzamento con IVE (16 %): 189.127,92 euros

--- Inversión na obra de construción de saneamento de As Carballas e Santa Baia

---Orzamento con IVE (16 %): 219.746,60 euros

--- Inversión na obra de construción e mellora de saneamentos e abastecemento de Mourente e A Estrada

---Orzamento con IVE (16 %): 171.817,16 euros

--- Inversión no subministro de equipamento sistemas informáticos

---Orzamento con IVE (16 %): 111.708 euros

--- Inversión no subministro de infraestruturas de telecomunicacións radio, entorno rural

---Orzamento con IVE (16 %): 33.817,34 euros

---Inversión no subministro de material de telecomunicacións para a implantación de anel de fibra óptica

---Orzamento con IVE (16 %): 14.171,53 euros

--- Inversión no servizo para a creación dunha plataforma turística multimedia

---Orzamento con IVE (16 %): 30.452,32 euros

ACTUACIÓNS DE INTERESE SOCIAL (EN SENTIDO AMPLO):

Suma total das actuacións de interese social (en sentido amplo): 474.155,05 euros

Límite máximo a financiar polo FEESL, segundo o artigo 19 do RD-Lei 13/2009: 474.156 euros

---Actuación de interese social (en sentido amplo); programa de actuación relativo a educación: Dotación de conserxerías de Educación Básica.

---Gastos previstos financiados con recursos propios municipais:: 173.984,20 euros

---Actuación de interese social (en sentido amplo); programa de actuación relativo a educación: Mantemento e subministros básicos das instalacións de Educación Básica.

---Gastos previstos financiados con recursos propios municipais: 191.790 euros

---Actuación de interese social (en sentido amplo); programa de actuación derivado das prestacións de servizos sociais e de

promoción e reinserción social: programa de traballo social de zona.

---Gastos previstos financiados con recursos propios municipais: 108.380.85 euros

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e unha horas e dezaioito minutos

A Estrada, 28 de xaneiro de 2010
O secretario

Asdo.: José Naveira González